

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 15 DE XANEIRO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se nomean os vogais do Consello Reitor da Escola Galega de Administración Pública, representantes da Xunta de Galicia e expertos no eido da Administración pública.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a celebración dun contrato de colaboración entre o sector público e o sector privado para dispoñer dunha solución global que cubra as necesidades de realización de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe, intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia no Servizo Galego de Saúde, por un importe de oitenta e oito millóns trescentos trinta mil euros (88.330.000,00 euros) e un valor estimado de cento tres millóns douscentos cincuenta e catro mil setecentos cincuenta e un euros con corenta e cinco céntimos (103.254.751,45 euros).
- Acordo polo que se aproba o texto do Proxecto de decreto polo que se regula o transporte sanitario, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.



INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a orde de axudas aos concellos galegos para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos así como dos espazos do comercio non sedentario.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe sobre o Programa de medidas de activación do emprego para menores de 25 anos e parados de longa duración.



A EGAP NOMEA NOVO VOGAL DO SEU CONSELLO REITOR O PRESIDENTE DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

- ***José Luis Costa Pillado e o profesor titular de Dereito Administrativo da USC, Luis Míguez Macho, entran como expertos substituíndo a Antonio Piña e Blanco Valdés***
- ***O Consello Reitor tamén actualiza a composición dos membros da Xunta para adecuarse ás novas competencias e actividades que desenvolve a Egap***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de nomeamento de catro novos membros do Consello Reitor da Escola Galega de Administración Pública, que se renova nun 40 por cento para adecuarse ás novas competencias e actividades que desenvolve a Egap.

En primeiro lugar renóvanse dous dos cinco expertos no eido da Administración pública que pertencen ao Consello Reitor. Estas novas incorporacións son o presidente do Consello Consultivo de Galicia, José Luis Costa Pillado, e o profesor titular de Dereito Administrativo da USC, Luis Míguez Macho; que substitúen ao presidente da Audiencia Provincial, Antonio Piña, e ao catedrático da USC, Roberto Blanco Valdés, respectivamente.

Doutra banda, tamén se actualiza a composición dos representantes do Goberno galego, unha modificación que vén xustificada, entre outras causas, polos cambios da estrutura organizativa da Xunta e pola ampliación dos colectivos de empregados públicos aos cales a EGAP pretende estender a súa acción formativa, como poden ser o persoal das universidades galegas e das entidades públicas instrumentais.

Deste xeito, saen do Consello Reitor as persoas titulares da Secretaría Xeral e da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa da Vicepresidencia e entran os encargados da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e da Secretaría Xeral de Universidades.

O Consello Reitor da Escola Galega de Administración Pública ten atribuída, entre outras facultades, a de establecer as bases e condicións xerais de participación e acceso aos cursos ou ás actividades que convoque a Escola.



A XUNTA APROBA O DECRETO DE PLANIFICACIÓN DE AUGAS QUE RECOLLE MEDIDAS PARA AXILIZAR A LIMPEZA DOS RÍOS E AS ACTUACIÓNS DE EMERXENCIA EN ÉPOCA DE SECA

- ***O texto fomenta a participación pública na elaboración dos plans de xestión do recurso hídrico***
- ***Sobre a base desta normativa, o Consello da Xunta poderá adoptar medidas extraordinarias en caso de seca permitindo a declaración de utilidade pública para efectos de ocupación ou expropiación de terreos***
- ***Axilízase a tramitación de actuacións menores para a conservación e mantemento dos ríos ou de roza, para as cales só será necesaria a comunicación previa a Augas de Galicia***
- ***O decreto sinala que a execución de obras hidráulicas por parte da Xunta nos concellos está vinculada á garantía dunha correcta xestión das actuacións construídas***
- ***Reformúlase o Consello Sustentable da Auga, para que a súa composición o faga equiparable ao Consello da Auga das Confederacións Hidrográficas***
- ***Trátase do quinto regulamento co que se desenvolve a Lei 9/2010, de augas de Galicia***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia, que inclúe as medidas necesarias para axilizar a limpeza dos ríos e as actuacións de emerxencia en época de seca. Así mesmo, este decreto regula o contido e procedemento da aprobación do Plan hidrolóxico Galicia-Costa, do Plan de seca, dos plans de xestión de inundacións e dos plans galegos de abastecemento e saneamento; e fomenta a participación pública na elaboración dos distintos plans de xestión do recurso hídrico.

Para momentos en que se declaren situacións de seca, a Xunta busca facilitar a rapidez e a eficacia na toma de decisións e na execución de actuacións que sexan necesarias para minimizar os prexuízos que se poidan causar. Para iso, a nova normativa habilita o Consello da Xunta para adoptar medidas extraordinarias en relación co uso do dominio público hidráulico, determinando a declaración de utilidade pública para efectos de ocupación ou expropiación dos terreos co fin de solucionar as incidencias.

Tendo en conta a importancia de realizar labores de roza, retirada de residuos e de obstáculos dos ríos, este regulamento prevé facilitar estas actuacións menores de mantemento e conservación en dominio público hidráulico e en zona de servidume sempre que non supoñan un risco de afección ao río ou impliquen a corta de árbores.



Para a súa realización só será necesaria unha comunicación previa a Augas de Galicia, de modo que labores tradicionais de mantemento de pequenos leitos en zonas habitadas nas cales pode haber desbordamentos ou atrancos se poden realizar con maior axilidade e coas máximas garantías ambientais, xa que Augas de Galicia se reserva os labores de inspección para comprobar a correcta execución dos traballos.

Coa aprobación do decreto tamén se reformula o Consello Sustentable da Auga para que a súa composición o faga equiparable ao Consello da Auga das Confederacións Hidrográficas, engadindo a presenza de representantes autonómicos e das distintas confederacións hidrográficas con competencia no territorio de Galicia.

Así mesmo, en virtude desta normativa, que entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, a execución de obras hidráulicas por parte da Xunta nos concellos está vinculada á garantía dunha correcta xestión das actuacións construídas. Así, o xestor debe garantir unha correcta conservación das infraestruturas hidráulicas para aprobar a execución de novas actuacións. Cando se avalíe a posibilidade de colaborar técnica e financeiramente entre o Goberno autonómico e as administracións locais, analizarase o funcionamento de actuacións executadas nos cinco anos anteriores, que deberán de estar en servizo e en bo estado de conservación.

Outras cuestións do decreto

O decreto tamén define a regulación dos instrumentos de planificación que desenvolve Augas de Galicia, distinguindo dous tipos segundo o ámbito de aplicación. A primeira está vinculada á xestión dominio público da Demarcación Hidrográfica Galicia- Costa, mentres que a segunda tipoloxía de planificación está asociada á execución de obras no ámbito territorial de Galicia.

A normativa establece como o instrumento superior de planificación o Plan hidrolóxico, ao cal se debe axustar a acción da Administración hidráulica. Sobre este e o resto de instrumentos da planificación establécese o contido e, en concreto, o regulamento de planificación determina os seguintes puntos:

1. Describe a documentación e información que debe conter cada planificación.
2. Determina a obriga de incluír un rexistro de zonas protexidas.
3. Establece as cuestións que deben ser consideradas no programa de medidas, e como considerar os caudais ecolóxicos.

Compre salientar que o decreto tamén regula o procedemento para a aprobación do Plan hidrolóxico, a súa coordinación co procedemento de avaliación ambiental estratéxica e un procedemento de revisión simplificado para modificacións non substanciais deste.



Tamén se consideran neste regulamento os plans relativos a riscos de inundación e de seca para a Demarcación Hidrográfica Galicia–Costa, que ata este momento non tiñan regulado o seu procedemento de aprobación.

Con respecto ao segundo tipo de planificación asociado á execución de obras no ámbito territorial de Galicia, regúlase o contido e os procedementos de tramitación dos plans xerais galegos de abastecemento e saneamento así como de plans para ámbitos concretos do territorio galego, que se denominan plans de zona.

A cuestión máis destacable do regulamento, e que afecta a todos os instrumentos da planificación, é que se garante a participación pública con amplos períodos de consultas, coordinados co procedemento e coa avaliación ambiental estratéxica. Así, para o Plan hidrolóxico establécense tres períodos de consulta de seis meses cada un: para os documentos iniciais; para o esquema de temas importantes e para o propio proxecto de Plan hidrolóxico. Pola súa banda, os plans de seca, de xestión de inundacións, de abastecemento e de saneamento, contarán cun mínimo de tres meses de consulta á sociedade. Todos eles períodos amplos que permitirán unha participación de máis calidade e unha mellor definición dos documentos finais dos plans.

Con esta aprobación, xa son cinco os regulamentos de desenvolvemento da Lei 9/2010, de augas de Galicia, co visto e prace do Consello da Xunta, tras a aprobación dos decretos referidos ao Estatuto de augas de Galicia, ao Regulamento marco dos servizos de saneamento e depuración, ao canon da auga e coeficiente de vertedura e á execución e explotación de infraestruturas hidráulicas. A normativa galega en materia de augas acada deste modo un alto grao de desenvolvemento e madurez.



O SERGAS INVESTIRÁ 88 MILLÓNS DE EUROS NA MELLOR TECNOLOXÍA PARA ATENDER A CIDADANÍA GALEGA

- *Entre outras dotacións están incluídos o equipamento do novo Hospital de Vigo, radioterapia e medicina nuclear do Hospital Lucus Augusti, e o TAC do Hospital do Barco de Valdeorras*
- *Os hospitais públicos estarán dotados da alta tecnoloxía de última xeración, e que estará mantida e actualizada en todo momento*

O Consello da Xunta aprobou o investimento de 88 millóns de euros que o Servizo Galego de Saúde investirá na contratación de alta tecnoloxía para atender a cidadanía galega. O novo contrato cubrirá as necesidades de realización de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe, intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia –o que se denomina alta tecnoloxía- no Sergas.

Obxectivo: dotar de alta tecnoloxía

En concreto, o Servizo Galego de Saúde require así a dotación do equipamento para a posta en marcha do novo Hospital de Vigo; ampliación da carteira de servizos no Hospital Lucus Augusti coa incorporación dos procedementos de radioterapia e medicina nuclear; proxecto de central de imaxe médica e proxecto de xestión da dose, e TC do Hospital do Barco de Valdeorras.

En definitiva, o obxecto do expediente é dotar o Servizo Galego de Saúde da alta tecnoloxía necesaria para aumentar a calidade asistencial, mellorar a dispoñibilidade do dito equipamento e atender de forma máis eficiente a demanda de realización das probas diagnósticas e nos procedementos terapéuticos que empregan estas tecnoloxías, permitindo á cidadanía galega o acceso aos últimos avances.

Na actualidade, invitarase as empresas a presentar unha oferta final de acordo coa solución idónea establecida nos documentos de especificacións técnicas, xurídicas e económicas.

As próximas actuacións, unha vez que as empresas presenten as súas ofertas, serán a valoración e posterior adxudicación das ofertas presentadas, que culminará coa formalización dos contratos.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O TEXTO DO DECRETO POLO QUE SE REGULA O TRANSPORTE SANITARIO POR ESTRADA

- ***Unha vez aprobado, someterase ao ditame do Consello Consultivo***
- ***Ademais, créase un rexistro que permitirá establecer un maior control por parte da Administración***

O Consello da Xunta aprobou o texto do Decreto que regula as características dos vehículos de transporte sanitario por estrada, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo. Esta nova normativa, ten como finalidade desenvolver a lexislación nacional e adaptala aos requisitos establecidos na normativa europea e aumentando así a súa calidade e equipamento.

Ademais, define este transporte como unha prestación sanitaria do Sistema público de saúde e aqueles supostos excluídos desta consideración.

Desenvolve tamén o procedemento de obtención da certificación técnico-sanitaria, incluíndo a regulación das solicitudes para a súa obtención, os requisitos e procedementos para o seu outorgamento, a súa vixencia e causas de revogación.

Doutra banda, créase o Rexistro de Transporte Sanitario, que permitirá establecer un maior control por parte da Administración.

Formación profesional

No referente á formación do persoal, para os técnicos de nova incorporación é imprescindible o título de formación profesional ou o certificado de profesionalidade, segundo o tipo de vehículo en que traballen.

Para o persoal que xa traballa actualmente no sector, desenvólvese un proceso de habilitación, que garantirá o cumprimento dos requisitos de formación para todo o persoal do sector, aumentando a calidade da prestación



A XUNTA COLABORA COS CONCELLOS CON PRETO DE 3 MILLÓNS PARA POTENCIAR AS PRAZAS DE ABASTOS E IMPULSAR A SÚA EXCELENCIA

- ***Economía e Industria activa unha nova convocatoria de axudas de ata 150.000 euros para a modernización dos mercados, co obxectivo de consolidalos como líderes na venda de produtos frescos e de calidade***
- ***Apoiaranse tamén actuacións para atraer nova clientela e dinamizar as vendas nas prazas de abastos, así como proxectos de mellora nas rúas contiguas a elas***
- ***Primaranse iniciativas que inclúan a apertura en horario de tarde e as que incorporen aparcadoiro, ofrecendo así máis servizos aos consumidores***
- ***Os concellos poden acceder, ademais, a axudas de ata 30.000 euros para realizar melloras nos espazos destinados aos mercados tradicionais de apertura periódica***
- ***O Goberno galego, que traballa na posta en marcha dunha Rede de Mercados Excelentes, facilitou desde 2009 melloras en máis de 80 prazas galegas, cun orzamento que supera os 17 millóns de euros***

A Consellería de Economía e Industria pon en marcha unha nova convocatoria do programa de axudas aos concellos galegos para potenciar as prazas de abastos, dotada con preto de 3 millóns de euros, co obxectivo de consolidalas como líderes na venda de produtos frescos e de calidade e impulsar a súa excelencia con novos e mellores servizos para os consumidores.

Mediante a convocatoria de apoios da que hoxe se informou no Consello da Xunta, os municipios de ata 70.000 habitantes poderán optar a axudas para a modernización dos mercados que chegan aos 150.000 euros. Estes proxectos de mellora poden incluír, ademais da remodelación da estrutura física e das instalacións de uso comunitario das prazas de abastos, actuacións para a redución do consumo enerxético ou dos residuos xerados, entre outros. Os concellos que os desenvolvan deberán poñer en marcha iniciativas dirixidas ao *mentoring* comercial aos praceiros. Estas actividades de formación e asesoramento, que se apoiarán cunha axuda máxima de 1.800 euros, estarán encamiñadas a aumentar a rendibilidade do punto de venda mediante técnicas de *visual merchandising*, a colocación do produto ou a atención ao cliente.

Co mesmo obxectivo de atraer máis clientela aos mercados, apóianse con ata 3.000 euros a posta en marcha de actuacións de dinamización e promoción de vendas por parte dos concellos. Ademais, como novidade primaranse as iniciativas que inclúan a apertura dos mercados en horario de tarde ou a incorporación de aparcadoiros.

Na aposta por potenciar servizos de calidade nas prazas de abastos, entre os criterios de valoración tamén se dará maior puntuación aos proxectos que inclúan un punto de



información ao consumidor, consigna ou repartición a domicilio, así como aos que contribúan á eliminación de barreiras arquitectónicas, e aos que posibiliten a reciclaxe e a eliminación de residuos, entre outros.

O programa do que hoxe se informou no Consello da Xunta inclúe tamén apoios aos concellos de ata 80.000 euros para a peonización ou semipeonización de rúas e zonas contiguas ás prazas de abastos. Por outra banda, os concellos de menos de 20.000 habitantes recibirán ata 30.000 euros para a mellora dos espazos destinados aos mercados tradicionais de apertura periódica ou ambulantes. Todas as axudas desta convocatoria, que se publicará en próximas datas no Diario Oficial de Galicia cun prazo de presentación de solicitudes dun mes, supoñen o 70% do investimento subvencionable.

A iniciativa enmárcase na aposta da Xunta por potenciar as prazas de abastos galegas, facilitando nos últimos seis anos a mellora de máis de 80 mercados con apoios por máis de 17 millóns. O Goberno galego, que traballa na posta en marcha dunha Rede de Mercados Excelentes, impulsa nas prazas unha venda moderna, con novos servizos, ao tempo que se mantén a súa esencia, baseada na calidade, a diversidade, e a atención ao cliente.

Neste contexto, ademais do programa destinado a colaborar cos concellos galegos, tamén se activa a convocatoria de apoios ás asociacións de comerciantes para a dinamización dos centros comerciais abertos e os mercados de abastos, dotado con 2,2 millóns de euros.



A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 60 MILLÓNS DE EUROS PARA A MELLORA DA EMPREGABILIDADE DOS MENORES DE 25 E PARADOS DE LONGA DURACIÓN

- ***O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe que dá conta das actuacións que se levarán a cabo en ambas as materias, tras ser pactadas con patronal e sindicatos***
- ***O Programa de garantía xuvenil contará con 48,8 millóns de euros, e complementará o plan que xa puxo en marcha o Goberno galego para este mesmo colectivo***
- ***Pola súa banda, as actuacións previstas para os parados de longa duración con cargas familiares contarán cun orzamento de 10 millóns de euros***
- ***Ao abeiro de ambos os plans, prevese a contratación de máis de 130 novos orientadores para as oficinas de emprego galegas***
- ***Porase en marcha un novo programa para a adquisición de experiencia en entidades sen ánimo de lucro***
- ***As altas como autónomos dos parados de longa duración contarán con axudas específicas***

A Xunta, a través da Consellería de Traballo e Benestar, investirá preto de 60 millóns de euros en mellorar a empregabilidade tanto dos menores de 25 anos non ocupados e que non forman parte do sistema de formación ou educación; como dos parados de longa duración con cargas familiares.

Este orzamento articularase a través de dous plans: o de garantía xuvenil, e o de activación para o emprego. Ambos foron pactados cos axentes sociais presentes no diálogo social, CEG, a UGT-Galicia, e CCOO-Galicia, e ratificados onte mesmo cos seus representantes e o presidente da Xunta. Ademais, a partir de agora a colaboración continuará a través da constitución dunha comisión de seguimento entre a patronal e os sindicatos para avaliar a implantación destas actuacións. Reunirse, cando menos, cada tres meses ou cando se solicite. En función dos resultados, poderase acordar reconducir os fondos cara a outras actuacións co fin de acadar a maior efectividade posible.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe polo miúdo ambos os dous plans, que teñen como obxectivo principal mellorar a empregabilidade de dous dos colectivos de desempregados que maiores dificultades afrontan de cara á súa inserción laboral.

Para conseguilo, ambas as estratexias inclúen medidas en materia de intermediación, de mellora da empregabilidade, de apoio á contratación e de fomento do emprendemento.



Garantía xuvenil

Os destinatarios do Programa de garantía xuvenil, dotado con 48,8 millóns de euros, son mozos e mozas de entre 16 e 25 anos –ata 30 no caso de ter unha discapacidade igual ou superior ao 33%-. Segundo os últimos datos da EPA dispoñibles, correspondentes ao terceiro trimestre, en Galicia existen un total de 38.400 mozos e mozas que son potenciais beneficiarios desta iniciativa.

O obxectivo é que os inscritos reciban unha oferta de emprego, de educación continua, de formación de aprendiz ou período de prácticas nun prazo de catro meses tras acabar a educación formal ou quedar desempregados.

Para conseguilo, articularanse arredor de nove medidas. A primeira de todas elas consistirá na contratación de técnicos para o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) que prestarán unha atención específica a este colectivo. Permitirá a contratación de 56 profesionais.

As seguintes dúas medidas céntranse, especialmente, na adquisición da experiencia. Unha delas será a realización de obradoiros de emprego cos participantes do Sistema de garantía xuvenil. Por outra banda, incorporárase un novo programa de adquisición de experiencia en entidades sen ánimo de lucro. A Xunta financiará a totalidade dos custos salariais de acordo co convenio colectivo. As actividades que realicen os seleccionados deberán estar relacionadas, de ser o caso, coa titulación ou formación previa que posúan ou, en todo caso, terán que redundar na mellora do seu nivel de competencia profesional.

A cuarta medida ten como obxectivo a mellora da cualificación, a través da formación en competencias clave, tecnolóxicas, de idiomas e de certificados de profesionalidade. Estará dirixida tanto a aqueles mozos que carecen de cualificación, como para os que teñen unha certa formación, pero necesitan unha formación máis axeitada ás necesidades do mercado laboral. A quinta actuación do Programa de garantía xuvenil tamén se engloba nesta liña de actuación, e terá como obxectivo posibilitar que retomen os estudos aqueles mozos e mozas que os abandonaron no seu día, co fin de que obteñan o título da ESO ou de FP de grao medio.

Pola súa banda, a sexta medida está destinada a aqueles mozos que teñen formación académica, pero carecen de experiencia laboral. Convocarase unha orde de subvencións que financiará as bolsas que as empresas deben aboar mensualmente aos mozos en prácticas.

As últimas tres actuacións consisten en incentivos á contratación, en axudas ao establecemento como autónomos, e en subvencións para a incorporación ás cooperativas.



Os incentivos á contratación para os mozos contarán con 200 euros ao mes cun máximo dun ano en calquera modalidade contractual temporal igual ou superior a seis meses, sempre que sexa a xornada completa. No caso de superar os seis meses, a axuda poderá ser superior. As axudas van dirixidas a sectores emerxentes (I+D+i, empregos verdes ou atención a persoas). Tamén se subvencionarán os contratos en prácticas en empregos relacionados coa titulación do beneficiario; a contratación indefinida de menores de 25 anos que supoñan un incremento de persoal, e a transformación de contratos temporais en indefinidos.

No Programa de promoción do emprego autónomo incentivarase a alta destes mozos, especialmente a través dunha axuda a fondo perdido de 1.200 euros sen necesidade de acreditar un investimento en activo fixo e coa obriga de permanecer un ano de alta. Tamén se propón a realización dun programa de activación de competencias xuvenís aplicadas ao microemprendemento, que viría complementar as axudas.

A última e novena medida do Programa de garantía xuvenil consistirá en axudas económica para fomentar a incorporación de menores de 25 anos como socios das cooperativas e sociedades laborais.

Cabe lembrar que o Programa de garantía xuvenil será complementario ao Plan de emprego xuvenil que xa tiña posto en marcha o Goberno galego para o ano 2014 e 2015 e que contaba cunha dotación de 100 millóns de euros.

Activación para o emprego

Este programa está dirixido a parados de longa duración e con cargas familiares. Segundo a información dispoñible no Servizo Público de Emprego de Galicia, os beneficiarios potenciais destas medidas serían arredor de 20.000 persoas.

O programa dispón dun orzamento de 10 millóns de euros para 2015, que poderá ser ampliado para aquelas medidas que se vaian aplicar en 2016. O obxectivo é ofrecer aos beneficiarios un contido específico de orientación, formación, recualificación e recoñecemento da experiencia laboral, ao tempo que estas persoas perciben a axuda económica aprobada polo Estado.

Esta iniciativa conta con seis medidas. A primeira delas consistirá tamén na contratación de técnicos de orientación para o SPEG, co fin de titorizar individualmente estas persoas. Serán un total de 75, que se sumarán aos 56 que se contratarán a través do YEI, e sumarán máis de 130 novos orientadores nas oficinas de emprego galegas.



Porase en marcha, ademais, un programa formativo de competencias clave, e outro de adquisición de experiencia en entidades sen ánimo de lucro.

A cuarta medida consistirá na formación dual, que permitirá aos beneficiarios do programa de activación obter cualificación asociada a un contrato laboral de formación e aprendizaxe.

Segundo o Plan do Goberno estatal, permítese que unha empresa contrate traballadores coa posibilidade de compatibilizar, durante cinco meses, un contrato por conta allea coa renda de acompañamento (426 euros que se deducirán do salario que se vai aboar). Polo tanto, a Consellería incentivará estes contratos con contías entre 3.000 e 8.000 euros, segundo o tipo de contrato. Así, por exemplo, os 3.000 euros con que se promoverá o contrato temporal de 12 meses permitirá que a empresa poida ter un contrato incentivado con máis de 420 euros durante todo o ano, se se computan os cinco meses en que se compatibilizará o contrato coa prestación aos que se suma esta axuda da Xunta. Doutra banda, tamén incentivará a transformación dos temporais en indefinidos.

A sexta e última medida deste plan de actuación céntrase no fomento do emprendemento, ao abeiro do cal se incentivará a alta como autónomo. Incentivarase cada alta como autónomo.

